

CORILGA

Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega

Manual de uso do buscador

ÍNDICE

1. Introducción	2
2. De que se compón	2
3. Equipos de traballo	2
4. Modo de uso e buscas	3
4.1. Selección de ficheiros para a busca	3
4.2. Introducción dos patróns de busca	6
4.3. Visualización de información dispoñible	8
4.4. Enlaces con apartados previos	12
5. Outros apartados	13

1. Introducción

O Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega (CORILGA) é un corpus de lingua oral con transcricións ortográfica e fonética aliñadas co arquivo de voz e anotadas en diferentes niveis. A transcrición ortográfica está aliñada no nivel da secuencia fónica e no nivel da palabra, e a transcrición fonética no nivel do segmento. As anotacións con que conta actualmente son de tipo morfosintáctico.

O corpus consta de gravacións de lingua falada en diferentes niveis e rexistros (lingua estándar, literaria, popular, lingua formal e coloquial, rural e urbana) e de diferentes tipos: conversas, entrevistas dirixidas, discursos, conferencias, poesía recitada, teatro, medios de comunicación...). Recolle lingua de falantes de diferentes idades, de ambos sexos, que foron gravados nun espazo temporal que vai desde mediados dos anos 1960 ata a actualidade.

O CORILGA foi deseñado para o estudo da variación e do cambio lingüístico, mais pode ser útil tamén para outras finalidades (ensino da lingua, repertorios lingüísticos etc.). Este proxecto encóntrase en desenvolvemento e, periodicamente, irá enriquecéndose con novas achegas (gravacións e textos aliñados e anotados).

A elaboración e posta en rede do CORILGA produciuse dentro da Rede Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos (TECANDALI: <http://ilg.usc.es/tecandali/>), e contou con financiamento parcial do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Unha parte deste corpus desenvolveuse no marco dos proxectos de investigación “Cambio lingüístico no galego actual” (2012-2015) e “Contacto e cambio lingüístico en galego” (2016-), financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade (FFI2012-33845 e FFI2015-65208-P, respectivamente).

2. De que se compón

Á parte de gravacións realizadas expresamente para este corpus e de textos orais públicos tomados de medios de comunicación ou de internet, o CORILGA incorpora textos e, nalgúns casos, transcricións doutros *corpora*, entre os que están os dos proxectos Arquivo do Galego Oral (AGO), Prosodia da lingua formal, AMPER-Galicia, ou *corpora* persoais como o de Gustav Henningsen, o de Francisco Dubert sobre Santiago de Compostela, o de Xosé Luís Regueira sobre a comarca de Vilalba, de Manuel Rico de entrevistas de radio, o de Noemi Basanta de conversas, o de Eduardo Louredo sobre Leiro, de Miguel Abreira, de Xabier Iglesias e de Ana Iglesias. Queremos facer constar o noso agradecemento pola súa axuda xenerosa e desinteresada ás persoas responsables destes *corpora* que nos permitiron utilizar gravacións ou transcricións para este recurso, así como a outra xente que nos cedeu gravacións particulares.

3. Equipos de traballo

O buscador do proxecto CORILGA desenvolvérono os seguintes equipos:

Grupo de Tecnoloxías Multimedia (AtlantTIC, Universidade de Vigo) formado por Carmen García Mateo, Eduardo Rodríguez Banga, Antonio Cardenal López, Laura Docío Fernández, Marta Martínez Maquieira, Rocío Varela Fernández e Roberto Seara Dopazo.

Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela) formado por: Xosé Luís Regueira Fernández, Elisa Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Noemi Basanta Llanes, César Osorio Peláez, Alba Agaete Cajiao, Naír García Abelleira, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Lucía Barreiro Capón, Juan Jesús Gómez Noya e Noemí Varela Rodríguez.

O deseño da interface foi realizado por Óscar Otero.

4. Modo de uso e buscas

A interface consta de dous bloques principais, un buscador e unha zona de administración, á cal só teñen acceso as persoas con privilexios. Ambas as dúas partes tentan que se poida acceder á información da maneira máis sinxela e organizada posible. É por isto que a aplicación mostra unha barra de tarefas que permite saltar a unha delas sen necesidade de volver repetir pasos previos, deste xeito preténdese que as persoas usuarias saquen un maior partido á utilización do sistema e cunha menor inversión de tempo.

O buscador consta de tres partes principais: a selección dos arquivos nos que se vai realizar a procura, a definición dos patróns de busca e a visualización dos resultados. Estas estrutúranse en ventás diferentes a través das cales se vai avanzando a medida que se van completando tarefas. A aplicación proporciona unha barra de navegación á cal se van engadindo ditas tarefas a medida que a persoa usuaria as vai completando, deste xeito pódese saltar a unha tarefa anterior aínda que esta non sexa consecutiva.

4.1. Selección de ficheiros para a busca

A ventá principal da aplicación web de Corilga dá a benvida á persoa usuaria e invítala a realizar buscas dentro do corpus do repositorio. Para tal propósito a aplicación ofrece dúas posibilidades: realizar procuras dentro de todos os arquivos existentes na base de datos ou ben facelo só dentro dos que cumpran determinados requisitos. A continuación amósase unha imaxe da páxina principal:




Fig 1. Páxina inicial da aplicación

Na parte superior desta páxina, podemos atopar á esquerda os logos tanto o Instituto da Lingua Galega (USC) coma do grupo AtlantTIC (UVigo). E á dereita atopamos información sobre o proxecto Corilga, os criterios básicos de transcripción e un medio de contacto (*Sobre Corilga*), este manual de uso (*Manual de Uso*) e a parte reservada para administradoras/es (*Administrar*).

Para facer unha busca en todos os arquivos existentes no corpus, pódese picar na ligazón *Buscar directamente en todos os arquivos*. No caso de que se desexen acoutar os ficheiros nos que se quere levar a cabo a busca, a persoa usuaria avanza á seguinte ventá co botón *Comenzar buscando os arquivos*, que contén un formulario con diferentes criterios de filtrado para a procura de arquivos relativos tanto ás gravacións como a falantes. Deste xeito pode limitar o material en función de un ou máis dos datos existentes na base de

datos. No caso de non cubrir algunha das pestanas non se imporá ningunha restrición e o buscador contabilizará todos os parámetros existentes para esa variable concreta.

O filtrado por Gravación pode efectuarse polo tipo de texto, o hábitat e o tema.

- **Ano de gravación:** hai dúas pestanas extensibles que nos permiten seleccionar un período comprendido *dende – ata*. Se se deixa en branco un deles, enténdese que non se establece ningún límite nese parámetro (p.e. *dende* “[en branco]” – *ata* “1980” devolverá todos os resultados de gravacións anteriores a 1980).

- **Tipo de texto:** distínguense tres grandes categorías: texto informal, texto formal ou medios de comunicación. Alén diso, cada categoría contén varias subcategorías. As tres categorías e as subcategorías están codificadas nunha abreviatura que se inclúe no nome do arquivo.

<i>Oralidade informal</i>		
Conversa		OICO
Entrevista dirixida		OIED
Monólogo		OIMO
Lectura		OILE
Literatura oral:	recitado (coplas, romances)	OILR
	narración (contos, lendas)	OILN
<i>Oralidade formal</i>		
Discurso formal	discurso oral	OFDO
	discurso lido	OFDL
Lectura literaria:	narrativa	OFNA
	poesía	OFPO
	texto dramático (teatro lido)	OFTD
Texto dramático	teatro	OFTE
<i>Medios de comunicación</i>		
Informativo		MEIN
Magazin		MEMA
Entrevista		MEEN
Debate		MEDE

- **Hábitat:** contén tres categorías en función do tipo de hábitat, sempre que sexa aplicable: *Rural* (RUR), *Semiurbano* (SURB) e *Urbano* (URB). Esta opción só aparece se se escolle *Oralidade informal* nos tipos de texto.

- **Tema da gravación:** este menú permite seleccionar as gravacións nas que se trata un tema de interese. A listaxe de temas é a seguinte: 1. Historias de vida (infancia, moceo, matrimonio, morte...); 2. Lingua e comentarios sociolingüísticos; 3. Literatura; 4. Historia, filosofía e antropoloxía; 5. Outras ciencias (coñecementos moi específicos); 6. Traballos e produtos do mar e do río; 7. Traballos e produtos do agro; 8. Outros oficios (tradicionalis ou modernos); 9. Política e actualidade; 10. Deportes, xogos e lecer; 11. Relixión, mitos e crenzas; 12. Música tradicional e cantares; e 13. Festas e gastronomía.

Fig 2. Formulario de filtrado de arquivos

Por outra banda, pode aplicarse un filtrado por Falantes, segundo a idade, o sexo, o nivel de estudos, a lingua inicial, a lingua da gravación, así como o lugar de nacemento e o de residencia.

- **Tramo de idade:** existen cinco tramos de idade que son *T1 (0-14)*, *T2 (15-24)*, *T3 (25-49)*, *T4 (50-69)* e *T5 (+70 anos)*. Este campo cóbrese sempre e cando se teña a información sobre os informantes.

- **Sexo:** *muller e home*.

- **Nivel de estudos:** *sen estudos, primarios, secundarios e universitarios*.

- **Lingua:** poden seleccionarse, tanto en lingua inicial (aquela que a persoa adquiriu de primeira) coma na empregada na gravación, tres posibilidades: *galego, español e galego e español*.

- **Lugar:** tanto o de nacemento coma o de residencia permite facer busca por *concello, parroquia e lugar*. Debe terse en conta que as listaxes despregables son restritivas, é dicir, que é preciso cubrir a unidade de poboación superior para que apareza a listaxe na unidade seguinte.

Ademais, na parte superior pódese observar unha barra de tarefas na que aparece seleccionado o punto do proceso en que nos atopamos (*Filtrar arquivos*). Esta barra de tarefas converterase na opción máis inmediata para as persoas usuarias á hora de navegaren polas diferentes fases da busca.

Para continuar, unha vez feita a escolla do tipo de gravación e informantes, é preciso premer o botón *Buscar arquivos*. A continuación aparecerá unha listaxe de todos aqueles arquivos que cumpran as condicións. Cada arquivo ten un recadro que podemos marcar (ou desmarcar) de maneira individual ou conxunta (marcando o recadro cabo de “seleccionado”), de maneira que podemos restrinxir aínda a busca a aqueles arquivos que a persoa usuaria seleccione.

Filtrar arquivos
Escolle os arquivos nos que queres efectuar a túa busca

Resultados atopados
Atopamos 6 arquivos que coinciden cos teus criterios de busca. Marca os que queiras usar

Seleccionado	Archivo
<input type="checkbox"/>	MECO-RUR-CORILGA-GRANDES LUGARES-01-2012
<input type="checkbox"/>	MEEN-CORILGA-NORIEGA-01-2015
<input type="checkbox"/>	MEEN-CRIC-NOVONEYRA-RICO-01-1988
<input type="checkbox"/>	MEEN-CRIC-PINHEIRO-RICO-01-1988
<input type="checkbox"/>	MEEN-CRIC-QUEIRUGA-RICO-01-1988 (O arquivo .eaf non existe no servidor)
<input type="checkbox"/>	MEEN-CRIC-RABADE-RICO-01-1988 (O arquivo .eaf non existe no servidor)

[Cambiar os criterios de busca](#) [Continuar co seguinte paso >](#)

Fig 3. Resultados da busca de arquivos

No caso de que o ficheiro que contén as transcricións non exista no servidor, preséntase unha mensaxe vermella como a que se observa na imaxe anterior. Deste xeito infórmase de que nese arquivo non se van poder atopar resultados da busca ata que sexa subido á aplicación.

Na parte inferior da pantalla aparecen dous botóns: *Continuar co seguinte paso*, que permite avanzar á seguinte ventá para realizar as procuras nas diferentes capas (*tiers*), e *Cambiar os criterios de busca*, que permite volver ao formulario de selección de ficheiros.

No caso de non introducir ningunha información de filtrado no formulario de selección de ficheiros e premer o botón *Continuar co seguinte paso*, a busca realizarase en todos os arquivos existentes no servidor.

4.2. Introducción dos patróns de busca

Nesta ventá defínense as buscas que se van realizar dentro das liñas dos distintos ficheiros que foron seleccionados no paso anterior. Para introducir os patróns que se queren buscar e seleccionar as liñas que se desexan visualizar na representación dos resultados dispónse do formulario que se mostra na figura 4. Esta tarefa aparece identificada na barra de navegación mediante o título *Buscar contido*.

Filtrar arquivos
Escolle os arquivos nos que queres efectuar a túa busca

Buscar contido
Busca a información nos arquivos escollidos

Que queres buscar

Patróns de busca
Ortográfica
[Engadir outro patrón](#) [Quitar patrón](#)

Considerar maiúsculas
Lingua de busca...

Como o queres ver

Número de coincidencias por táboa

Liñas a mostrar
 ORT - Ortográfica
 FON - Fonética
 PAL - Palabra
 LEM - Lema
 MOR - Morfolóxica

[Continuar co seguinte paso >](#)

Fig 4. Formulario de introdución de patróns

A aplicación non só ofrece a posibilidade de facer a busca dun patrón nunha liña, senón que tamén permite buscar en varias liñas simultaneamente. Para esta tarefa, cómpre premer o botón *Engadir outro patrón*, de xeito que se engadirá un novo patrón ao formulario. Pódense engadir tantos patróns de busca como se desexe, incluso máis dun patrón por liña. No caso que se desexe eliminar un dos patróns engadidos, habería que premer o botón *Quitar patrón*.

Se se selecciona un patrón de busca na liña fonética despregárase un teclado fonético que se pode utilizar para introducir o valor do patrón que se desexe buscar.




Fig 5. Teclado fonético

Para buscas na liña morfolóxica desprégase un teclado de categorías. Como vemos na figura 7, este teclado componse de dúas partes: na primeira aparecen as categorías morfolóxicas, coas que podemos facer unha combinación simple segundo a orde dos elementos na cadea (verbo seguido de determinante, seguido de substantivo etc.); a segunda parte consta das características de cada unha das categorías. Esta parte muda dependendo da categoría que seleccionamos en primeiro lugar e tan só permite seleccionar unha característica por liña, deixándoa marcada en azul e ensombrecendo as outra en gris. Pódense deixar características en branco. Na figura 6 aparece a busca da cadea N VMII2P, que sería un Substantivo seguido dun Verbo (Principal, modo Indicativo, tempo Imperfecto, segunda persoa do plural).




Fig 6. Exemplo de busca no teclado morfolóxico

Como se pode observar na figura 4, na parte dereita encóntrase a información relativa á presentación dos resultados. Por un lado pódese definir o número de coincidencias que se queren mostrar en cada páxina, xa que para buscas moi grandes os resultados aparecen organizados en páxinas de maneira que a persoa usuaria poida acceder á información dunha forma máis organizada. O valor por defecto para este dato é de 50 coincidencias por páxina. Por outro lado tamén se poden seleccionar as liñas que se amosarán para cada coincidencia. Pódense seleccionar unha ou múltiples liñas, pero sempre tendo en conta que é posible que non existan todas en todos os arquivos. Nese caso mostrarase unha mensaxe de *Non dispoñible neste arquivo* na liña en cuestión.

Por último, unha vez introducidos os datos na ventá é necesario premer o botón *Continuar co seguinte paso* para que a aplicación leve a cabo a busca. Se se quixese volver á páxina de filtrado de arquivos, só sería necesario premer na tarefa *Filtrar Arquivos* que se atopa na barra de tarefas principal da interface. Este formulario así como o destinado á selección de ficheiros mantén os datos introducidos previamente para así facilitar o refinamento das buscas.

4.3. Visualización de información dispoñible

Unha vez rematada a busca, móstrase a táboa de resultados atopados. Esta táboa está composta por tres columnas que conteñen a seguinte información:

- **Arquivos:** Na cabeceira desta columna en primeiro lugar amósase entre parénteses o número total de arquivos nos que se atoparon coincidencias. A continuación, nas seguintes filas amósase tanto o nome dos arquivos como o código de falante para os cales se atoparon coincidencias. Premendo sobre estes datos desprégase un cadro con información relativa ao arquivo e ao falante.

Os arquivos están codificados de maneira que conteñan a información mencionada en §4.1. e disposta da seguinte forma: Tipo de texto, Hábitat, Corpus de procedencia, Concello de gravación, Número de gravación e Ano. Esta sería a codificación para a Oralidade informal. De tal modo que se temos OICO-URB-CORILGA-LUGO-01-2013, estaríamos ante a **conversa** número **un** gravada dentro do proxecto **CORILGA** no ano **2013** e onde se recolle unha mostra de fala **urbana** no concello de **Lugo**.

Tal e como se comentou, no caso dos textos de oralidade formal ou nos pertencentes aos medios de comunicación emprégase un código máis reducido no que non se inclúe o hábitat e o concello de gravación pero incorpórase o apelido da persoa ou persoas que falan. Xa que logo, en MEEN-PINHEIRO-RICO-CRIC-01-1988 estaríamos ante a transcripción dunha **entrevista** nun **medio de comunicación** na que participan Ramón **Piñeiro** e Manuel **Rico** Verea. Procedería do **Corpus Rico** Verea (CRIC) e a gravación foi realizada no ano **1988**.

Do mesmo xeito, as liñas de falante tamén van codificadas coa información mencionada en §4.1. e disposta da seguinte forma: Sexo, Tramo de idade, Idioma da gravación, Número de participante e, opcionalmente, Entrevistador(a). Por tanto, a liña H-TI3-GAL-01-E corresponde a un **home** de entre **25 e 50** anos, que intervén en **galego**, **primeiro** en falar e que, ademais, é o **entrevistador**. Pola contra, M-TI2-GE-02 sería unha **muller** de entre **15 e 25** anos, que intervén de **segunda** e tanto en **galego coma en español**.

- **Coincidencias:** Esta columna mostra a información relativa a cada coincidencia. Na cabeceira da columna indícase o número total de coincidencias atopadas en todos os arquivos seleccionados. Nesta columna móstrase o número da coincidencia, así como botóns para escoitala e descargar o contido en diferentes formatos. Tamén se mostra un botón que permite eliminar coincidencias non desexadas na listaxe dos resultados, co fin de permitir á persoa usuaria limpar os resultados para facilitar a súa análise.

- **Anotacións:** Aмосa o contido das anotacións atopadas para cada coincidencia nas diferentes liñas seleccionadas. Nesta columna o patrón ou patróns que se buscaron remárcase en cor azul.

A continuación, pódese observar un exemplo da táboa de resultados obtida cando se busca o patrón "casa" nos arquivos de *Medios de comunicación - Entrevista*.

Fig 7. Táboas de resultados

Se o número de coincidencias atopadas é moi alto, os resultados aparecen divididos en páxinas mostrándose a paxinación na parte superior da táboa. Permitindo deste xeito facilitar o acceso ós resultados cun número de coincidencia elevado.

Fig 8. Paxinación dos resultados

As funcións dos botóns que aparecen na columna de coincidencias son as seguintes:

- **Escoitar:** permite reproducir o arquivo de son que se corresponde con esa coincidencia. Ao seu carón encóntrase un despregable que permite expandir o contexto temporal do audio e das anotacións 5, 10, 15 ou 20 segundos.

Unha vez que se expandiu o contexto temporal, para volver restaurar o audio e a anotación orixinais que se corresponden coa coincidencia só é necesario premer de novo no botón *Escoitar*.

- **Pausa:** cando se está reproducindo o audio debido a calquera das accións anteriores o botón de *reproducir* cámbiase a *pausa* para permitir pausar o audio.
- **Expansión das liñas:** Para cada unha das coincidencias da táboa, existe a opción de expandir os resultados para así poder mostrar máis liñas ca as que se seleccionaran de forma previa á realización da busca. Esta tarefa realízase premendo no identificador da primeira liña de resultados para unha determinada coincidencia. Pola contra, ao premer de novo no nome da primeira liña, vólvense contraer os resultados e móstrase o formato de liñas de saída seleccionado previamente.

- **Borrar coincidencia:** ao premer este botón suprímese a coincidencia á que se refire, de forma que se reduce o número total de resultados mostrados para filtrar soamente as que sexan de interese para a persoa usuaria.
- **Descargar:** ao premer este botón ábrese un menú despregable que mostra tres posibles opcións de descarga:

-**Arquivo EXCEL:** descarga un arquivo CSV que contén os datos relativos á coincidencia. Como se pode observar na seguinte figura, móstrase unha ventá de diálogo para decidir se se desexa levar a cabo a descarga ou se, pola contra, se desexa volver á táboa de resultados.




Fig 9. Descarga de arquivos Excel

Unha vez que se opta por realizar a descarga, os datos que contén o arquivo Excel descargado son: o nome de arquivo, o identificador do falante, o nome da liña e o contido da liña.




Fig 10. Formato de arquivos Excel

-**Arquivo ELAN:** abre unha ventá emerxente explicando os pasos a seguir para descargar os arquivos ELAN correspondentes a unha coincidencia determinada.




Fig 11. Descarga de arquivos Elan

Ao premer no botón de descarga, obtense un arquivo .zip que contén un arquivo .eaf, no que aparece unicamente a coincidencia que se está a examinar e o extracto do audio correspondente.




Fig 12. Formato de arquivos Elan

-**Arquivo PRAAT:** ao premer este botón, vólvese mostrar unha nova ventá emerxente similar á da figura 12, con instrucións para descargar os arquivos correspondentes ao programa Praat. Neste caso, descargaríase un arquivo comprimido que contén dous arquivos: un *script* de Praat e o arquivo de audio. Estes arquivos poderíanse descomprimir nun cartafol e arrastrar o *script* enriba da icona executable do Praat do seu equipo e premer Ctrl+R (*Run*) para poder visualizar o segmento correspondente.




Fig 13. Formato de arquivos Praat

- **Descargas múltiples:** ao final da páxina de resultados existe un menú despregable para a descarga múltiple. Este tipo de descarga permite seleccionar diferentes coincidencias mediante os cadros selectores que se atopan ao inicio de cada liña de coincidencia e descargarlas todas xuntas nun mesmo arquivo .zip (para ELAN ou Praat) ou un Excel con numerosas liñas.

MEEN-CRIC-PINHEIRO-RICO-01-1988 H-TIS-GAL-01-E	<input type="checkbox"/> 1 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	e con cinco nenos na casa
	<input checked="" type="checkbox"/> 2 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	e os corredores os arredores o ver aquelas murallas e aquelas casas por poucas que foran
	<input checked="" type="checkbox"/> 3 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	volta prá casa e trasladárase despois
MEEN-CRIC-PINHEIRO-RICO-01-1988 H-TIS-GAL-02	<input type="checkbox"/> 4 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	e: eu a miña casa estaba solitaria esa alonxada do lugar ¿non? sola
	<input checked="" type="checkbox"/> 5 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	pero eu sempre ¿claro? na miña casa ou cos veciños ou sempre pos a: miña: lingua:
	<input type="checkbox"/> 6 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	porque ¿claro? ali solo na casa pois a pre# meu pai aprendeu+me a ler ¿non?
	<input checked="" type="checkbox"/> 7 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	pois comemos ali nunha: casa dunhos conocidos que procedían da nosa terra ¿non? [e entonces] xantamos
	<input checked="" type="checkbox"/> 8 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	e tantas casas : enormes que: casas de tres pisos ¿verdá? si u nha cousa todo mui desconcertante
MECO-RUR-CORILGA-GRANDES LUGARES-01-2012 H-GAL-20	<input checked="" type="checkbox"/> 9 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	e: despois xa foron+se facendo: de aquí as casas : foron empezaron a vir un dos primeiros que veu foi o da fur
MECO-RUR-CORILGA-GRANDES LUGARES-01-2012 M-GAL-18	<input type="checkbox"/> 10 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	eu: teño intención de facer unha casa é máis está en proxecto
MECO-RUR-CORILGA-GRANDES LUGARES-01-2012 M-GAL-19	<input type="checkbox"/> 11 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	eu: pois xa vivo aquí xa a teño era un ha casa familiar que
IRIEGA-01-2015	<input checked="" type="checkbox"/> 12 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	•-ORT	{-pausa sonora- e} que están baleiros esas casas que están baleiras?

Arquivo EXCEL

Arquivo ELAN

Arquivo PRAAT

Fig 14. Descargas múltiples

Ademais, é posible marcar ou desmarcar todas as coincidencias ao mesmo tempo mediante o selector que se atopa no encabezado da columna de coincidencias.

Coincidencias(13)

<input checked="" type="checkbox"/> 1 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> 2 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> 3 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> 4 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> 5 ▶ Escotar ▶	<input type="checkbox"/> Descargar ▶	<input type="checkbox"/>

Fig 15. Marcado e desmarcado múltiple

Os arquivos .zip con cartafolios aniñados que se obteñen da descarga para Praat ou ELAN identifican as coincidencias mediante o nome do arquivo e os tempos de inicio e fin de coincidencia. No caso da descarga múltiple para arquivos CSV (Excel), o resultado é un único arquivo que contén toda a información relativa ás liñas referentes ás coincidencias seleccionadas e a coincidencia está identificada polos códigos do ficheiro e falante.

4.4. Enlaces con apartados previos

Para volver á páxina de selección dos patróns de busca só é necesario premer no apartado de *Buscar contido* que aparece na barra de tarefas superior. Nese caso a aplicación retorna ao formulario anterior, o cal mantén os datos de busca previos que foran introducidos pola persoa usuaria. Deste xeito, é posible facer un refinamento dos patróns de busca introducidos previamente ou das liñas de saída.

Por último, se en calquera momento se desexa volver á páxina principal, é necesario premer no logo de Corilga que se visualiza no encabezado da aplicación.

5. Outros apartados

- **Zona de Administración:** A cabeceira da páxina contén un botón *Administrar* que ao ser pulsado dirixe a unha interface reservada para administradores do recurso, que deben identificarse con nome de usuario e contrasinal.
- **Sobre Corilga:** Aquí podemos atopar catro botóns coas seguintes funcións:

- Sobre este proxecto: neste apartado atópanse os créditos da aplicación, é dicir, unha breve descrición do proxecto e as autoras e autores.

- Criterios de transcripción: aquí dáse un resumo dos criterios de transcripción que se utilizaron para realizar as tarefas de etiquetado e que se utilizan para a realización de novas transcripcións que se van subindo á plataforma.

- Contacto: formulario de contacto a través do cal se poden enviar comentarios, suxestións ou preguntar dúbidas ás administradoras e administradores da plataforma.

- Páxina Principal: Botón de volta á páxina principal de Corilga.